



DATOS IDENTIFICATIVOS

Linguas estranxeiras para o turismo ID: portugués

Materia	Linguas estranxeiras para o turismo ID: portugués			
Código	O04G741V01209			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	2	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				
Web	http://http://estudioslusofonos.blogspot.com.es/			
Descrición xeral	Nesta materia preténdese que o alumnado adquira coñecementos básicos da lingua e das culturas de expresión portuguesa de cara ao nivel A1/A2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Descodificar e interpretar mensaxes en portugués procedentes de diversos ámbitos, con especial atención ao sector turístico.	
Expresar oralmente e por escrito mensaxes en portugués, sobre diversos temas e experiencias.	
Adaptar o nivel de lingua ás distintas situacións comunicativas, tanto coloquiais como formais.	
Xestionar a relación cos clientes en portugués, especialmente no ámbito do turismo.	
Aplicar as TIC á procura e selección de información variada (léxica, cultural, etc.)	
Organizar e desenvolver traballo en equipo en diferentes contextos e linguas.	

Contidos

Tema	
Contidos gramaticais	Fonética; Ortografía; Verbo (presente de indicativo); Artigo; Pronomes persoais; Preposicións e contraccións.

Contidos léxico-semánticos

- Identificación persoal: Presentación (nome, enderezo, teléfono, enderezo electrónico, data e lugar de nacemento, idade, sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión).
- Os números.
- As cores.
- Actividades da vida diaria.
- Partes do día. Días da semana. Meses. Horas.
- Tempo libre e lecer: Xogos, deportes.
- Viaxes e transportes: Medios de transporte.
- Relacións humanas e sociais: Invitacións e encontros;
- Saúde e cuidados físicos: Estado físico (dor, malestar) e necesidades corporais (sono, fame, cansazo, frío, ir ao baño...).
- Compras e actividades comerciais: Establecementos comerciais.
- Alimentación: Comidas do día. Alimentos básicos.
- Clima, condicións atmosféricas e ambiente: Estacións do ano. Fenómenos atmosféricos (calor, frío, choiva, sol...).
- Comer fóra: encomendar; bebidas e comidas; pedir a conta; eloxiar o servizo, reclamar.

Contidos pragmáticos

Tratamento;
Falsos amigos.

Elementos de cultura portuguesa

- Atractivos de Portugal como destino turístico.
- Presentación dos países de lingua oficial portuguesa.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	16	22	38
Foros de discusión	1	3	4
Traballo tutelado	10	20	30
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Práctica de laboratorio	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Sesións teóricas
Foros de discusión	Práctica oral
Traballo tutelado	Sesións prácticas - traballo en grupo

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Sempre que o precise, o alumnado será atendido de forma individual tanto nas sesións de clase como no horario de tutoría.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Proba teórica escrita	30	
Foros de discusión	Proba práctica oral	30	
Traballo tutelado	Realización/presentación de traballos varios	40	

Outros comentarios sobre a Avaliación

As/os estudantes deberán escoller no inicio do curso entre dúas opcións: un sistema de avaliación continua ou un sistema de avaliación única.

AVALIACIÓN CONTINUA

Recoméndase optar por esta modalidade de avaliación. A/o estudante será avaliado tendo en consideración:

- A asistencia e participación non poderá ser inferior ao 80%. Se se dá unha asistencia e participación inferior, a/o estudante deberá optar pola avaliación única.
- Traballo escrito obrigatorio (individual). Valoración: ata 20%
- Traballo oral obrigatorio (individual ou en parella). Valoración: ata 20%

- Proba escrita teórico-práctica:

1. Expresión escrita e coñecementos gramaticais: ata 15%
2. Comprensión escrita: ata 15%
3. Comprensión oral: ata 15%

- Proba de expresión oral

4. Expresión oral: ata 15% (esta proba será gravada)

AVALIACIÓN ÚNICA

Avaliación única de carácter presencial. Quen opte de forma directa pola avaliación única será examinado ao final do primeiro período, na primeira edición das actas:

- Proba escrita teórico-práctica:

1. Expresión escrita e coñecementos gramaticais: 25%
2. Comprensión escrita: 25%
3. Comprensión oral: 25%

- Proba de expresión oral

4. Expresión oral: 25% (esta proba será gravada).

É preciso superar ambas as probas [escrita e oral] para superar a materia. A copia ou o plaxio nos respectivos exames será penalizado cun suspenso (nota numérica: 0) nas mesmas.

A convocatoria das probas de expresión oral deberá acordarse co profesorado coa antelación necesaria (mínimo 2 días antes da data oficial da proba escrita), sendo responsabilidade do alumnado contactar co profesorado. A non presentación á proba de expresión oral suporá a obtención dunha calificación de 0 (cero) puntos na mesma.

Os mesmos criterios de avaliación aplicaranse na segunda edición das actas (xullo).

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ana Tavares, **Português XXI. Nível A1**, 2011,

Robert Kuzka, José Pascoal, **Passaporte para Português. Livro do Aluno. Níveis A1/A2**, 2014, Lidel, 2014

Sara Gonçalves dos Santos, **Falar pelos cotovelos**, 2015, Lidel, 2015

Luísa Coelho, Carla Oiveira, **Português em Foco I**, 2015, Lidel, 2015

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Linguas estranxeiras para o turismo IID: Português/O04G240V01408

Outros comentarios

Un bo dominio da lingua galega facilita a adquisición rápida dun nivel A1/A2 de lingua portuguesa.